



Agrupación Local de Tomiño

Santiago Vergara Álvarez, na súa condición de voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE e o abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

A recente exposición do proxecto correspondente o trazado nº 2 do vial Tui- A Guarda pon de manifesto a decisión da Administración autonómica de manter a súa postura inicial , desoíndo as reclamacións feitas tanto por veciños, como polo Pleno deste Concello.

A publicación no seu momento de novos trazados (nº 6 e 7) pola propia Consellería, evidencian a posibilidade de novas alternativas menos lesivas para os intereses xerais deste Concello.

A proximidade dun proceso electoral fai necesario un exercicio de prudencia a hora de tomar decisións que poidan comprometer a actuación dun futuro goberno autonómico.

Este Pleno acordou por unanimidade mostrar o seu rexeitamento ó trazado proposto pola C.O.T.O.P

Por todo isto, propono ó Pleno:

- Demandar á Xunta de Galicia a inmediata paralización de tódalas actuacións referidas ó vial TUI – A GUARDA, abrindo un proceso de diálogo entre tódalas partes (afectados, comunidades de montes,...) para a búsqueda de novas alternativas de trazado.
- Que subsidiariamente o concello presente recurso de reposición ó trazado previsto.

En Tomiño, a 26 de abril de 2005

Asdo.: Santiago Vergara Álvarez  
Voceiro do Grupo Municipal Socialista